

REVISIÓN Nº : 1  
DATA:12/11/2019

REVISIÓN Nº : 2  
DATA:14/05/2024

# PLAN DE CONVIVENCIA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:26/01/2016

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:26/01/2016

DATA 1ª REVISIÓN:12/11/2019

DATA 2ª REVISIÓN:14/05/2024

# TÁBOA DE CONTIDOS

1. Introducción.....	3
2. Análise e diagnose da situación do centro.....	4
Características do centro.....	4
Resultado análise DAFO.....	5
3. Principios e fins que sustentan Plan de Convivencia.....	8
4. Obxectivos.....	9
Xerais.....	9
Específicos.....	10
5. Actuacións a desenvolver para favorecer a convivencia.....	11
*Acollida membros da comunidade educativa.....	11
* Actuacións de coordinación.....	11
*Actuacións organizativas.....	12
*Actividades para o desenvolvemento do autoconcepto, autoestima e educación afectivo sexual.....	13
*Actividades para a sensibilización da igualdade de homes e mulleres.....	14
*Actividades para a sensibilización na non discriminación por razóns de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.....	15
*Medidas para adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, xestión pacífica de conflitos, dinámicas de grupos e traballo cooperativo.....	15
6. Actuacións para a prevención, detección e tratamento do ACOSO ESCOLAR e CIBERACOSO.....	17
Estratexias preventivas no centro.....	17
Estratexias preventivas na aula.....	18
7. Protocolo de absentismo escolar.....	20
8. Normas de convivencia no centro.....	20
9. Establecemento das condutas contrarias a convivencia e das correccións que correspondan ó seu incumprimento.....	21
Son consideradas faltas leves:.....	21
Medidas correctoras para faltas leves:.....	22
Son consideradas faltas graves:.....	22
Medidas correctoras para faltas graves.....	22
10. A comisión de convivencia.....	23



11. Aula de convivencia.....	24
OBXECTIVOS.....	25
FUNCIÓNS DA NOSA AULA DE CONVIVENCIA.....	25
CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO.....	26
PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.....	27
PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA AULA DE CONVIVENCIA.....	28
12. Mecanismos de coordinación e colaboración.....	29
13. Estratexias para a difusión.....	31
14. Marco Legal.....	31
15. Proceso de seguimento, avaliación e propostas de mellora.....	32

## **1. Introducción**

O informe para a UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI formula a ampliación dos obxectivos educativos máis alá do estrito campo do coñecemento e, máis concretamente, sinala a necesidade de que o alumnado aprenda na escola a convivir, coñecendo mellor aos demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

O plan de convivencia do centro é o documento no que articulamos a convivencia escolar, que garante a educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Este plan de convivencia forma parte do Proxecto Educativo do centro.

Partimos para a súa elaboración das reflexións de toda a comunidade educativa sobre o modelo de convivencia. Para que sexa efectivo debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, traballadores do centro...

Queremos que este plan regule as relacións que se establecen dentro do centro e que harmonice as relacións do centro co entorno. Traballamos na procura dun clima nas aulas relaxado e cordial que faga que as aprendizaxes sexan máis significativas, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo, a tolerancia e atención á diversidade.

Os diferentes plans do centro están actualizados e revisados anualmente o que facilitou a elaboración do plan de convivencia. A disposición que establece a comunidade educativa cando é consultada permite pensar que o clima de convivencia do centro é o axeitado, e os conflitos non revisten especial gravidade e que son perfectamente asumibles e normalizados, entendendo tamén que toda esta realidade pode ser mellorada.

O plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contendo actuacións preventivas, educadoras e correctoras.

A elaboración deste plan de convivencia supuxo a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro:

- a) O proxecto educativo do centro



- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
- d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garanten o cumprimento do plan de convivencia e as que recollen respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- e) A programación xeral anual.

O plan de convivencia establece as liñas de actuación a seguir no noso centro en canto a convivencia se refire. Entendendo os conflitos dende un punto de vista dinámico e pacífico, e sendo un instrumento útil no seu afrontamento por parte da comunidade comunidade educativa.

## ***2. Análise e diagnose da situación do centro***

### **Características do centro**

O CEIP A Xunqueira 2 atópase nas aforas da cidade do Concello de Pontevedra, nunha área chamada “A Xunqueira”, de onde adopta o seu nome, na marxe dereita do río Lérez. O centro, sitúase na rúa Alexandre Bóveda S/N. A saída e entrada ao centro realízase pola rúa mencionada anteriormente.

Na actualidade o centro conta con catro unidades de Educación Infantil e once unidades de Educación Primaria.

Situado en zona escolar, non se trata dun centro identificado cun barrio definido, nin asociado a un contexto social determinado. Ao estar o colexio tan ben situado, a 10 minutos do centro da cidade, temos moitas posibilidades de asistir a moitas actividades organizadas tanto polo centro como polas propostas polas propias institucións do Concello.

O alumnado deste centro procede de moi diferentes zonas, tanto do centro da cidade como dos arredores ou do medio rural. Nos últimos anos creceu a presenza de alumnos estranxeiros no centro.

Dende o punto de vista económico a maior parte da poboación activa adícase a labores relacionadas co sector terciario, traballando tanto os pais como as nais. O nivel de vida pódese situar nun termo medio, con bastante preocupación polos estudos dos seus fillos/as. Contan en xeral con condicións axeitadas para o estudo na casa e están apoiados polos seus pais.

Os nenos e nenas que veñen ao colexio proceden a maior parte do entorno urbano, traballando a maioría das familias no sector servizos, seguido do sector industrial.



Pódese afirmar que na meirande parte das familias a lingua habitual é o castelán e nunha porcentaxe baixa o galego. A lingua vehicular usada no centro polo alumnado é o castelán, utilizándose o galego nas materias de lingua galega, ciencias naturais, ciencias sociais, educación física e plástica, que forma parte da sección bilingüe en primeiro e segundo de Ed. primaria .A nivel do profesorado emprégase o galego nas notas oficiais e internas do colexio, así como nas reunións.

### **Resultado análise DAFO**

Para avaliar a situación da convivencia no centro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria creou no curso 2015/2016 uns cuestionarios para ser cubertos online polos distintos membros da comunidade educativa. Da recollida dos datos podemos extraer o seguinte:

En canto **ó centro**, extráese que:

- hai persoal definitivo

- particípase en programas que favorecen a convivencia e a cooperación

- trabállase na liña do respecto as diferenzas.

En **canto ao alumnado** este considera:

- que hai boas relacións entre iguais no ámbito da clase,

- que os materiais e instalacións están bastante coidados,

- que confía no profesorado orientadora e equipo directivo e acoden a eles para a resolución de conflitos.

Son escasos os conflitos graves ( acoso, ameazas, insultos, desobediencia e condutas negativas en xeral). Cando se producen é nos desprazamentos e nos recreos.

En **canto ao profesorado**, a opinión é que:

- a convivencia no centro nos tres últimos anos se mantén,

- os problemas no centro se producen de forma puntual,

- a formación en materia de convivencia escolar é boa,

- hai que abordar a convivencia desde a prevención,

- hai que adscribirse a programas nos que se traballe a convivencia,

- hai que aplicar sistemática e rigorosamente as normas de convivencia,

- o alumnado debe participar máis na solución dos problemas,



a mellora da convivencia sexa obxectivo central no PEC e que se traballen as normas, dereitos e deberes na acción titorial.

En canto a **resolución de conflitos**, estes débense resolver mediante o diálogo entre titor, profesorado, xefe de estudos e alumnado; ademais as condutas do alumnado débense ao aumento da tolerancia na sociedade e á facilidade no acceso ás TIC, á falta de formación do profesorado en técnicas para afrontar conflitos, á existencia de familias desestruturadas e o tipo de organización e clima do centro.

#### **En canto ás familias:**

o coñecemento da existencia e contido de documentos e actuacións referidos á convivencia é baixo, consideran que non hai problemas de convivencia no centro,

consideran que a formación das familias para definir normas de comportamento na casa é boa, achéganse ao centro a miúdo e interésanse moito polo comportamento e estudo dos menores, recoñecen que o centro ten medios para transmitir información ás familias por diferentes vías.

A meirande parte non recoñece que os menores foran vítimas nin autores de agresións.

Apoian totalmente as decisións dos mestres sobre o comportamento do seu fillo ou filla e están amplamente informados dos eventos especiais que se realizan no centro.

Ante calquera problema que puidese xurdir no centro trataríase en titoría.





## ASPECTOS NEGATIVOS

Aumento do perfil de alumnado con problemas de condutas nos primeiros niveis

Permisividade das familias no establecemento de normas na casa.

Periodicidade	Situación	Implicados
Raras veces	Desobedecer e non respectar ao profesorado	Alumnado
	Poñer alcumes	
	Dicir mentiras ou rumores sobre alguén	
	Deixar de lado a algún compañeiro	
	Uso indebido do ordenador	
	Subtracción de material do alumnado ou do centro	
	Interromper e non deixar dar a clase ao profesorado	
	Non cumprir as normas establecidas na aula	

Periodicidade	Situación	Implicados
Con frecuencia	Insultar	Alumnado
	Provocación de pelexas, comportamentos desafiantes	
	Non coidar a limpeza da aula e do centro	
	Competitividade, querer ser os primeiros en todo( principalmente nas entradas, nas saídas, na fila do autobús, cando xogan ó fútbol ...)	
	Perda de tempo nos desprazamentos	

**Espazos** onde hai problemas de convivencia con máis frecuencia:

No patio

Nos corredores

Nos aseos

No transporte escolar



### **3. Principios e fins que sustentan Plan de Convivencia**

O plan de convivencia susténtase nun conxunto de valores asumidos por todos os membros da comunidade educativa que se converten en principios reitores do modelo propio de xestión da convivencia no centro.

Estes valores orientan a práctica, constitúen o punto de referencia para valorar e guiar os comportamentos cotiáns, facilitan a construción dun compromiso compartido entre os membros da comunidade educativa e argumentan e xustifican as actuacións disciplinarias ou de promoción da convivencia que se adopten.

E seguindo como marco a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, o plan debe desenvolver os seguintes fins e principios:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Igualdade entre mulleres e homes.



## **4. Obxectivos**

### **Xerais**

- a) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- b) Fomentar no noso centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- c) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- d) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- e) Dotar a comunidade educativa dos recursos necesarios para a xestión do conflito.
- f) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente das competencia persoal, social y de aprender a aprender (CPSAA) e a competencia cidadá (CC).
- g) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.
- h) Adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo, cos demais e co medio no que vive.
- i) Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos, respectados e seguros.



## Específicos

Os obxectivos específicos que pretendemos acadar van orientados a tres ámbitos: o persoal (coidar de nós mesmos), as relacións na comunidade educativa (coidar das nosas relacións) e a contorna na que compartimos vivencias (coidar a contorna).

### 1. Coidar de nós mesmos

- Afrontar positivamente o conflito, tomado como oportunidade para mellorar.
- Fomentar o esforzo fronte a competitividade.
- Aproveitar cada conflito de convivencia para traballar cos protagonistas a reflexión e ou análise que os leven a considerar mellores alternativas de cara a ocasións futuras.
- Traballar a confianza en nós mesmos e nos demais, comprender e expresar as nosas emocións e autocontrolar a frustración.

### 2. Coidar das nosas relacións

- Participar democraticamente na xestión da aula e do centro.
- Empregar metodoloxías na aula que favorezan o respecto a diversidade.
- Establecer un marco de normas establecidas democraticamente coa participación de todos e todas.
- Usar do diálogo para a resolución dos conflitos.
- Fomentar unha actitude aberta e empática ante o profesorado e familias.
- Empregar o reforzo positivo na realización das tarefas da aula.
- Traballar actitudes de confianza, cohesión do grupo...
- Unificar criterios entre o profesorado, coordinarse para a toma das diferentes decisións pedagóxicas a tomar para o traballo co alumnado.

### 3. Coidar do entorno

- Considerar a aula e o centro como un espazo propio a manter limpo e ordenado.
- Organizar correctamente o uso de espazos e tempos no centro.
- Coidar as aulas e zonas compartidas.
- Respectar as instalacións.
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto do medio ambiente: uso adecuado da auga, reciclado selectivo de residuos, consumo de electricidade, recollida de tapóns ...



## 5. Actuacións a desenvolver para favorecer a convivencia

### \* Acollida membros da comunidade educativa

Destinatarios	Procedemento	Responsables
Profesorado	Dar a coñecer as instalacións do centro Entrega de información e documentación.	Equipo directivo
Familias novas	Reunións informativas: Dar a coñecer as instalacións. NOF Información sobre a estrutura organizativa Principios pedagóxicos do centro.	Equipo directivo Orientadora Profesorado titor
Alumnado novo	Coñecer as instalacións Normas de convivencia Dereitos e deberes Medidas correctoras. Dinámicas de cohesión	Profesorado titor. Especialistas. Orientación
Alumnado estranxeiro	Ver plan de acollida alumnado estranxeiro. O obxectivo é facilitar a acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante e atender as súas necesidades educativas e persoais.	Profesorado titor. Especialistas. Orientación

Os plans serán revisados anualmente polo profesorado, facendo chegar as propostas á CCP de xeito que se introduzan as melloras, ampliacións, recursos e modificacións que sexan necesarias para o seu correcto funcionamento.

### \* Actuacións de coordinación

DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Profesorado	<b>Coordinación e consenso nas normas e decisións</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións, claustros: Debate, argumentación, toma e cumprimento de decisións.</li> <li>• Coordinacións de principio de curso.</li> <li>• Criterios de elección do profesorado titor.</li> <li>• Organización dos grupos.</li> </ul>	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro



**\*Actuacións organizativas**

Destinatarios	Procedemento	Responsables
<p>Alumnado            Profesorado</p>	<p><b>Entradas:</b></p> <p>O <b>alumnado transportado</b> formará filas.</p> <p>Infantil e 1º Ciclo entran pola porta próxima ao comedor.</p> <p>2º e 3º ciclo pola porta do rocódromo.</p> <p>Haberá 5 profesores responsables cada día para atender as entradas do alumnado transportado.</p> <p>O alumnado de familias entrará pola porta principal.</p> <p><b>Saídas</b></p> <p>O profesorado que teña clase á última hora entregará ó alumnado ás familias pola porta principal, excepto infantil que o fará pola porta próxima ao comedor.</p> <p>O alumnado transportado e de comedor do 1º ciclo será acompañado por un mestre de garda.</p> <p>O alumnado de comedor de infantil será custodiado por mestres de garda ata que ser recollido polas monitoras de comedor.</p> <p>Haberá un mestre de garda na porta próxima ao rocódromo para comprobar que as saídas dos maiores se producen sen incidencias.</p>	<p>Profesorado</p>
<p>Alumnado            Profesorado</p>	<p><b>Organización dos cambios de clase.</b></p> <p>Puntualidade do profesorado.</p> <p>O alumnado vai ao servizo nos cambios de clase ou co permiso do docente.</p> <p>O profesorado que teña clase noutra aula irá a buscar/levar ao alumnado.</p>	<p>Profesorado</p>



Alumnado Profesorado	<p><b>Organización dos recreos:</b>          Número de profesores:          Patio Infantil: 3 profesores + cuidadora.          Patio Primaria: 6 profesores          Zona de vixilancia prefixadas para cada docente.          Atención ao alumnado de NEAE e ás condutas disruptivas.</p>	Profesorado
Aula/clase	<p><b>Organización da aula:</b>          grupo, individual, parellas... Tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A equidade e a inclusión.</li> <li>• Fomentar a interrelación.</li> </ul>	Profesorado titor

**\*Actividades para o desenvolvemento do autoconcepto, autoestima e educación afectivo sexual.**

Destinatarios	Procedemento	Responsables
Alumnado	<p>*Dinámicas como:</p> <p>“A maleta”, desenvolvida durante o período de acollida. O alumnado expón ao resto dos compañeiros e das compañeiras os gustos e intereses persoais.</p> <p>“A silueta”</p> <p>Confección do libro “Eu son” no que o alumnado traballa como é, características, cualidades, diferenzas.</p> <p>*Lecturas de contos para traballar autoafirmación, as cualidades e a educación afectivo-sexual.</p> <p>*Introdución á sexualidade a través de lecturas e charlas para o alumnado de 3º Ciclo de EP.</p> <p>*Empréstimo de libros sobre educación afectivo-sexual para</p>	<p>Titorías</p> <p>Departamento de orientación.</p>



	<p>alumnado e familias de 3º Ciclo de EP.</p> <p>*Caixa de preguntas e dúbidas para alumnado.</p> <p>Responderanse nas horas de titoría ou en charlas especializadas.</p> <p>*D.O. redacta folletos sobre autoestima para entregar ás familias.</p> <p>*Colaboración coa Asociación Alea e outras entidades (Fundación Meniños) para traballar diversas temáticas relacionadas coa familia e afectividade.</p> <p>*Exposición de libros na biblioteca do centro por temática.</p> <p>*Banco de recursos propio do centro.</p>	
--	---	--

**\*Actividades para a sensibilización da igualdade de homes e mulleres.**

Destinatarios	Procedemento	Responsables
Alumnado e familias	<p>*Día da non violencia de xénero</p> <p>*Visibilización da muller nos proxectos de aula e de centro</p> <p>Folletos sobre xogos e xoguetes non sexistas na campaña de Nadal</p> <p>*Lectura de contos que traballen a igualdade/emocións</p> <p>*Exposición sobre o papel da muller en diferentes ámbitos da sociedade.</p> <p>*8 de marzo, día da muller.</p> <p>*Vídeos, cartelaría...</p> <p>*Fomento de linguaxe non sexista en documentos, cartelaría...</p> <p>*Blog do CEIP VILAVERDE-MOURENTE de valores <b>non acosos.com</b> no que se proporcionan recursos relacionados con diversas temáticas e outros.</p> <p>*Exposicións temáticas na biblioteca do centro</p>	<p>Todo o profesorado.</p> <p>Departamento de orientación.</p>





**\*Actividades para a sensibilización na non discriminación por razóns de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

Destinatarios	Procedemento	Responsables
	<ul style="list-style-type: none"> <li>*Charlas impartidas por diferentes asociacións e institucións.</li> <li>*Contacontos do concello sobre igualdade.</li> <li>*Día da muller traballadora</li> <li>*Actividades do día da Paz</li> <li>*Realización de debuxos, carteis, murais, vídeos...</li> <li>*Empréstito de libros dende a biblioteca</li> <li>*Recursos no blog da biblioteca do centro destinados ás familias</li> <li>*Obradoiros coa colaboración do alumnado dos ciclos de CIFP</li> <li>*Blog do CEIP VILAVERDE-MOURENTE de valores <b>non acosos.com</b> no que se proporcionan recursos relacionados con diversas temáticas</li> </ul>	

**\*Medidas para adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, xestión pacífica de conflitos, dinámicas de grupos e traballo cooperativo.**

**HORA DE TITORÍA**

O profesorado debe contar cun tempo co alumnado que lle permita a mellora académica e de convivencia. A acción titorial ten unha importancia enorme nos procesos de aprendizaxe e nas relacións interpersoais. Cómpre reorganizar a idea de titoría de cara á mellora do clima escolar. Esa titoría co alumnado deberá fomentar o desenvolvemento de actitudes de participación e solidariedade, así como axudar na mediación de conflitos, mellorar a cohesión do grupo e do coñecemento e autoconñecemento, facilitar a adquisición de habilidades sociais e persoais e facer seguimento do cumprimento das normas. Cómpre, pois, **establecer espazos e tempos concretos** no que estes labores se desenvolverán co grupo de alumnado, e tamén de coordinación no deseño das actividades necesarias co equipo de nivel e co departamento de orientación.



O profesorado titor ademais de ter rol de docente dunha ou varias áreas, debe ter un rol de atención e axuda ao grupo. Para que esa axuda sexa eficaz debe estar dirixida a todo o grupo, ser sistemática e estar situada nun espazo e nun tempo concreto.

Suxestións de programas a tratar nas sesións de titoría:

- ✓ Identidade de xénero e identidade sexual.
- ✓ Prevención do acoso
- ✓ Uso de internet e móbiles
- ✓ Resolución pacífica de conflitos
- ✓ Educación emocional. Expresión das emocións:
  - Coñecementos das emocións
  - Autoconhecimento
  - Autocontrol e xestión das emocións
- ✓ Programa de habilidades sociais e persoais
  - Amizades
  - Timidez
  - Hiperprotagonismo
  - Asertividade
  - Respecto
  - Traballo en equipo
  - Rabietas, frustración
  - Competitividade vs cooperación
  - Aprender a esperar

Será a titoría quen decida en que día e en que momento se impartirá esta sesión. Sería preferible impartila despois do recreo.

**ACTIVIDADES QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA (recreo-hora de ler)**

- ✓ O alumnado maior propón e leva a cabo xogos cos máis pequenos do colexio.
- ✓ Patrullas: verde, horta, compostaxe, recollida lixo, biblioteca.
- ✓ Contacontos interniveis.



- ✓ Apadriñamento do alumnado de primeiro de primaria co de 6ºE1 para favorecer o tránsito entre etapas.
- ✓ Plan proxecta aliméntate ben, proxecto de vida saudable
- ✓ Fai Clic ao teu bocata
- ✓ Xogos cooperativos

## **6. Actuacións para a prevención, detección e tratamento do ACOSO ESCOLAR e CIBERACOSO.**

### **Estratexias preventivas no centro**

- Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do departamento de orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores tutoriais.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de todas as competencias clave, en especial a competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.



- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: PUNTO LARANXA (Caixa de comunicación e correo electrónico).
- Vixilancia en zonas comúns: recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogos...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal (hora de titoría).
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos, acoso e ciberacoso:
  - ◆ *Formación específica do profesorado*, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
  - ◆ *Formación de familias*: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirle aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente
  - ◆ *Formación do alumnado*, técnicas de resolución pacífica de conflitos. Potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

### **Estratexias preventivas na aula**

- Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:
  - ✓ Relacións no grupo,



- ✓ Fomento da amizade,
  - ✓ Tarefas colaboradoras,
  - ✓ Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos , aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amizade e compañeirismo...),
  - ✓ Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos a traballar no grupo.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
  - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
  - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades sociais e destrezas para a xestión das emocións.
  - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
  - Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
  - Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
  - Seguimento do clima da aula.
  - Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:

1. Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste (cuestionarios).
2. Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

En caso de producirse unha situación de acoso, seguiremos o **[protocolo prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar](#)**, de xaneiro 2024, do que podemos ver o esquema dos pasos a seguir a continuación:



1- Comunicación dos feitos e primeira valoración

Rexistro de comunicación dos feitos.

Constitución do equipo ACAE

Primeira valoración dos feitos comunicados.

2. Investigación e ditame

Cubrir anexo de investigación e ditame.

Entrevista coas persoas implicadas.

Recollida de datos da persoa acompañante durante a entrevista.

Nomeamento da persoa responsable de acompañamento da presunta vítima.

3- Apertura de protocolo

Comunicación da apertura de protocolo ás familias e a inspección educativa.

Reunión coas persoas implicadas en presenza das familias ou representantes legais.

4- Pechamento do protocolo

Comunicación de pechamento do protocolo por parte da dirección ás familias ou representantes legais con copia a inspección educativa.

5.- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

VER ANEXOS

## **7. Protocolo de absentismo escolar.**

Tomaremos como referencia o seguinte protocolo:

[Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.](#)

## **8. Normas de convivencia no centro**

O obxectivo fundamental das nosas normas de convivencia é desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.

En particular, as normas de convivencia concretan os dereitos e deberes dos distintos sectores da comunidade educativa e establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento.



As normas de convivencia están especificadas das Normas de Organización e Funcionamento do noso centro (NOF) e garanten o cumprimento deste plan de convivencia. Dende o noso centro facilitaremos o coñecemento destas normas de convivencia a toda a comunidade educativa:

- Estarán publicadas na páxina web.
- As familias serán informadas da súa existencia nas reunións anuais de tutoría.
- O profesorado titor informará ao alumnado explicando as posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Estarán a disposición de todo o alumnado en cada unha das tutorías.

### ***9. Establecemento das condutas contrarias a convivencia e das correccións que correspondan ó seu incumprimento.***

Ao abeiro da lei 4 /2011 de convivencia, nos centros educativos serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia incorridas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Estas condutas contrarias a convivencia serán valoradas e corrixidas tendo presente en todo momento:

- Atender ao principio de individualidade e de atención á diversidade do alumno ou alumna.
- Deberán ser correctoras.
- Serán revisables.
- Serán tomadas, de xeito xeral, coa progresividade que se recolle no presente documento.
- As condutas graves deberán ser valoradas por un una comisión de convivencia escolar composta por un membro do equipo directivo, equipo docente e departamento de orientación.

#### **Son consideradas faltas leves:**

- Impuntualidade.
- Non traer o material da área.
- Non realizar as tarefas.
- Disrupcións repetidas.
- Uso indebido do material (principalmente ordenadores) e deterioro voluntario do mesmo.
- Distraer aos compañeiros e compañeiras con notas, bromas ...
- Comer durante as clases.



- Insultos, calumnias ...
- Uso indebido das instalacións.

### **Medidas correctoras para faltas leves:**

1. Reunión individual co alumno con carácter explicativo acerca do acto e as consecuencias da súa falta e da súa conduta.
2. Chamamento á familia informando da reincidencia na realización dunha falta leve.
3. Comunicación a través de Abalar da incidencia doutra falta leve.
4. Reunión co departamento de orientación para realización dalgunha actividade explicativa e correctora da súa conduta.
5. Escrito da xefatura de estudos onde se informará á familia de que motivado pola reincidencia continuada de faltas leves, comezaranse a valorar como faltas graves.

### **Son consideradas faltas graves:**

- Saír do centro sen autorización.
- Insultos, burlas, difamación ou discriminación por motivos de sexo, raza, relixión, nacionalidade, características comportamentais ou físicas ...
- Apropiación de material alleo.
- Deterioro grave das instalacións.
- Agresións de carácter grave e/ou voluntario.
- Non respectar unha orde u sanción imposta por un docente.
- Grabación, insultos, ameazas, intercambio de fotos inapropiadas a través de medios dixitais.
- Non respectar a asignación dos aseos.
- Apropiación ou falsificación documental e copiado en exames.
- Suplantación da identidade.

### **Medidas correctoras para faltas graves**

6. Procedemento conciliado onde o alumno se compromete a realización de actividades en beneficio da comunidade educativa.





7. Asistencia a aula de convivencia para a realización de tarefas relacionadas coas habilidades sociais ata un número de 3 días que poderán ser continuados ou puntuais segundo determine a comisión de convivencia escolar.
8. Suspensión de asistencia a actividades e/ou extraescolares durante un trimestre.
9. Privación da asistencia educativa segundo recolle a lei, é dicir, entre 3 días ata un mes.

### **10. A comisión de convivencia**

A comisión de convivencia constituirase no consello escolar e na súa composición integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Terán representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, na mesma proporción que se encontran representados no consello escolar. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A **composición** da nosa comisión de convivencia será a seguinte:

Directora

Xefa de estudos

Orientadora

1 representante do profesorado

1 representante das familias

1 representante do persoal non docente

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello de Pontevedra ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

#### **Periodicidade das reunións.**

Reunirse a principio de curso e ao remate do curso escolar e cantas veces sexa necesario.



### **Funcións da comisión de convivencia**

A comisión de convivencia terá **carácter consultivo** e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e **velará pola correcta aplicación deste plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.**

### **Plan de actuación**

- A) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- B) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- C) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- D) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- E) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- F) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

### **11. Aula de convivencia**

A Aula de Convivencia é unha ferramenta para resolver democraticamente os conflitos, antes de aplicar as medidas sancionadoras que supoñan a aplicación das NOF, empregando outras medidas correctoras. Tamén pode ser unha medida complementaria da aplicación sancionadora das NOF. Tendo en conta isto, entendemos a aula de convivencia como

- Unha medida de reflexión.
- Unha aula de traballo.
- Analizadora da convivencia e executora das medidas propostas pola comisión de convivencia.

## OBXECTIVOS

1. Aproveitar o espazo para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo, evitando a escalada do conflito.
2. Establecer un espazo que lle permita ao alumnado distanciarse do foco do conflito, ou das circunstancias que o orixinan. Conseguir o tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e buscar posibles solucións.
3. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado da asistencia a súa aula ordinaria durante determinadas horas, materias ou días.
4. Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumnado con problemas de conduta.
5. Xestionar de xeito coordinado e centralizado os conflitos do centro, ofrecendo respostas adaptadas ao grupo-clase, ao historial previo, as condicións sociofamiliares e as solucións antes intentadas.

## FUNCIÓNS DA NOSA AULA DE CONVIVENCIA

Establecemos tres funcións posibles da nosa aula de convivencia:

1. Como **aula de reflexión** é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” ou os “tempos fora” da aula.

Neste espazo, o profesorado trata de facilitarlle ao alumno ou alumna as ferramentas precisas para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio, ofrecendo unha resposta tanto aos conflitos puntuais na aula como ao alumnado con problemas persistentes de conduta. Permite ademais que, cando o alumno estea fóra da aula, o profesor pode intervir co resto da aula.

2. Como **aula de traballo**.

Trata de dar solución ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas en calquera dos espazos do centro, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.



3. Como **analizadora da convivencia** e executora das medidas propostas pola comisión de convivencia. Cada aula do centro pódese converter nunha aula de convivencia, dende este punto de vista.

Procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Estes datos son utilizados para a súa reflexión e discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso en particular, a cada grupo clase, a cada profesor/a, etc. (aprender a convivir, habilidades sociais, resolución de conflitos, .....).

Establécese cando a comisión de convivencia indica a necesidade de traballar puntualmente no centro unha carencia a nivel de convivencia detectada ou para traballar no plano da prevención.

### **CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO.**

O alumnado que impida o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á Aula de Convivencia. Que un alumno asista a esta aula non limita outro tipo de intervencións: traballo coa familia, buscar axuda externa, sistema de puntos, contratos...

#### **Conduas que poden ser causa da derivación a aula de convivencia**

- Molesta e non deixa traballar. Interrompe constantemente.
- Non obedece reiteradamente ás indicacións do profesorado.
- Falta de respecto ao docente.
- Falta de respecto a un compañeiro ou compañeira.
- Non gardar o silencio necesario para o desenvolvemento das tarefas escolares.
- Berrar.
- Non traballa e non deixa traballar.
- Non permanece sentado/levantarse sen permiso.
- Impuntualidade.
- Facerse o gracioso.
- Sae da clase sen permiso.
- Non trae material. Quitarlle o material a un compañeiro.
- Quítalle a merenda a un compañeiro.
- Rompe o material.



- Calquera outra conduta disruptiva non contemplada neste punto e que impida o normal desenvolvemento da clase.

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

A Aula de Convivencia estará atendida polo **profesorado de garda**.

### **1. Acceso a esta aula**

O profesorado poderá derivar a un alumno ou alumna á Aula de Convivencia cubrindo un “protocolo de derivación” presentándollo a quen exerza a xefatura de estudos.

- O docente solicitante debe de xustificar e ter rexistradas as razóns polas que o alumno ou alumna vai en cada caso a esta aula.
- Rexistro das actuacións levadas a cabo previamente e resultados das intervencións.
- Debe estar informada a familia da solicitude desta medida e o titor ou titora se quen fai a demanda é un profesor diferente.

A dirección do centro é quen ten que aprobar a intervención e inclusión na aula.

### **2. Traballo na aula de convivencia.**

- O profesorado que acolle ao alumno ou alumna será quen leve adiante a sesións. Deberá coñecer o rexistro das intervencións anteriores e todos os datos que precise para realizar o seu traballo co obxecto de evitar actuacións dispareas.
- Establecerase o nº de sesións que o alumno ou alumna vai permanecer na aula.
- O profesorado debe facer unha entrevista ao alumnado que accede e rexistrala (modelo concreto de entrevista) co fin de acadar un compromiso concreto de mellora, preguntar se sabe por que está na aula, preguntarlle se quere modificar a conduta, se sabe quen é a persoa que atende a aula... Trátase de crear un clima de confianza e de colaboración .
- O alumno ou alumna cubrirá a “ficha de reflexión” cada vez que accede a aula.
- Rematado este proceso, o alumno ou alumna volverá á súa aula ordinaria.
- O profesorado da Aula de Convivencia acordará as condicións de regreso á aula (petición de desculpas, pedir permiso ó entrar, etc).
- Tamén redactará un informe final da intervención que entregará a persoa que fixo a demanda de intervención.



- O alumnado debe poder volver á aula ordinaria antes de rematar as sesións propostas se o profesorado da aula de convivencia o considera oportuno.

## **PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA AULA DE CONVIVENCIA**

As actividades a realizar nesta aula, encamiñadas **a reflexión por parte do alumnado** atendido na aula poden ser programadas polo Departamento de Orientación así como tamén debe de facilitar material que favoreza actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

As actividades a realizar nesta aula, encamiñadas **a cumprir unha sanción** en lugar de facelo no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta. Cando a aula de convivencia é usada como aula de traballo será atendida polo profesorado de garda do centro. O alumnado que, pola gravidade dos feitos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria poderá cumprila na Aula de Convivencia, segundo o procedemento de sancións, seguindo as NOFC. A xefatura de estudos ou a dirección comunicará:

- Ao alumno ou alumna e a súa familia indicando os motivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará. Podería solicitarse tamén a colaboración da familia co fin de alcanzar os obxectivos fixados.
- Ao Departamento de orientación para que facilite as “actividades de reflexión”.
- A comisión de convivencia indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno ou alumna.

A xefatura, solicitará ao equipo educativo as actividades formativas para o período de expulsión, establecerá co profesorado de garda as quendas para atender ao alumnado.

Este proceso non deberá exceder de 2 días.

### **Normas da aula de convivencia (traballo)**

- O alumno ou alumna acudirá á aula de traballo con material curricular actualizado, que será revisado e cualificado. Realizará as mesmas actividades que o grupo de referencia na medida que fora posible.
- Durante o período de permanencia na aula de convivencia é preciso preparar a reincorporación do alumno no grupo clase e traballar coas condicións que reforzan a corrección da súa conduta.



- Limitarase o nº de veces que un alumno poida ser sancionado con esta medida.
- Como norma xeral, a familia e o profesorado deben coñecer o resultado da entrevista ou dos acordos acadados.
- Tanto o alumno ou alumna como a súa familia deberán ser parte activa da resolución dos seus propios conflitos.

## **12. Mecanismos de coordinación e colaboración**

### COORDINACIÓN INTERNA NO CENTRO

1. Coordinación nas programacións didácticas levadas a cabo polo profesorado. A principio de curso, prográmanse reunións entre o profesorado para a elaboración das programacións didácticas.
2. Reunión de coordinación entre niveis ou etapa: a principio de curso realízase unha reunión do profesorado que impartiu clase e o profesorado que vai impartir o próximo curso.
3. Reunións do profesorado de nivel/clase: periodicamente reúnense o profesorado que imparte docencia a unha mesma clase para unificar e coordinar criterios sobre normas e comportamento da aula.
4. Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) reúnense mensualmente.
5. Reunións do equipo de actividades extraescolares: Semanalmente reúnese este equipo para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.
6. Reunións e claustros do profesorado: realízanse periodicamente para coordinar distintos aspectos do centro.
7. Departamento de orientación

### COAS FAMILIAS

O **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que “Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...” e que estas recibirán “... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Establecemento de visitas titoriais os martes en horario de 18:30 a 19:30h



2. Mantemento dunha reunión titorial xeral obrigatoria no primeiro trimestre. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunións, sendo estes os seguintes:

- 🕒 Información básica sobre o modelo educativo que preside o PEC.
- 🕒 Información sobre o calendario escolar.
- 🕒 Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
- 🕒 Información dos principais aspectos das NOF e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de titoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
- 🕒 Información sobre os programas do departamento de orientación e outros para atender a diversidade.

#### **COA ANPA**

Periodicamente réunese o equipo directivo coa ANPA do centro para coordinar actividades a desenvolver no centro.

#### **CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS**

A directora, en representación do centro, réunese coas direccións dos outros CEIPs de Pontevedra e a Orientadora co IES adscrito para tratar diferentes temas.

#### **CON ORGANISMOS DO CONTORNO**

Concello de Pontevedra: existe unha reunión co Servizo de Normalización Lingüística para presentar as actividades deste servizo.

Outros organismos (servizos sociais, sanitarios, asistenciais...) O centro colabora cos servizos sociais e coa Fundación Meniños e Caixa Proinfancia na atención a alumnado do noso centro.

Outros organismos (Policía...): O centro realizará, en colaboración con estes organismos, diferentes programas encamiñados a mellorar a convivencia: Plan Director de Convivencia Escolar (Policía Nacional, Garda Civil, SEPRONA)...



### **13. Estratexias para a difusión**

Dende o centro facilitarase a difusión deste plan de convivencia a toda a comunidade educativa:

- 🕒 Nas reunións de inicio de curso coas familias
- 🕒 Na carpeta que ao inicio de curso se entrega ao profesorado
- 🕒 Na páxina web do centro

### **14. Marco Legal**

A normativa actual na que nos apoiamos é a especificada a continuación:

- Constitución Española
- Lei 4/2011 do 30 de xuño e normativa que a desenvolve
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, para a convivencia e a participación da comunidade educativa. (DOG 15/07/2011)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27/01/15)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



- Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, regulador da responsabilidade penal dos menores.
- LEI 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

### **15. *Proceso de seguimento, avaliación e propostas de mellora.***

#### 1. Control e análise das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia

A) En todos os cursos escolares realizarase, por parte do equipo directivo e a Comisión de Convivencia, un control e seguimento das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

B) Estes datos serán estudados e analizadas as súas causas e posibles prevencións na comisión de convivencia.

2. Enquisa anual a todos os membros da comunidade educativa para coñecer o grado de satisfacción da comunidade en relación á convivencia do centro. Propostas de mellora.

3. Buzón de suxestións na entrada do centro.

4. Análise trimestral por parte da Comisión de Convivencia do cumprimento e seguimento do presente plan de Convivencia.

5. Elaboración por parte da Comisión de Convivencia da memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos extraídos dos puntos anteriores, con propostas de mellora. A memoria formará parte da memoria anual do centro e será informado o Consello Escolar.